



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA, PARA A ORGANIZACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DUN CONXUNTO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DO USO PÚBLICO DOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración Autonómica ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento do uso público dos Parques Naturais de Galicia.

Antecedentes

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio exerce as seguintes funcións: o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos, a divulgación dos valores do patrimonio natural, a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega, o desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural, a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, e a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental.

Unha política turística eficaz precisa da articulación de actuacións conxuntas e coordinadas entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que teñan intereses comúns e obxectivos coincidentes, sumando esforzos cara ao desenvolvemento integral da economía galega.

Do mesmo xeito, a política medioambiental require de actuacións coordinadas entre os distintos departamentos da Administración para optimizar os seus resultados.

A Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así



como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Entre as actividades que desenvolve a Axencia de Turismo de Galicia destaca o turismo da natureza, ou ecoturismo. O turismo é un gran consumidor de espazos e de recursos naturais. O desenvolvemento da actividade require dunha planificación coherente e ordenada, que garanta a preservación dos espazos especialmente sensibles e a conservación da súa autenticidade e valores patrimoniais, tanto desde o punto de vista natural como desde o punto de vista cultural. A paisaxe como recurso estratéxico, debe de ser preservado e posto en valor desde un punto de vista turístico, garantindo a sostenibilidade do espazo natural a medio e longo prazo.

Nomeadamente, na programación da Axencia de Turismo de Galicia se atopa o impulso turístico da rede de Parques Naturais de Galicia, para o que a axencia está a desenvolver, entre outras medidas, o apoio á creación de paquetes e actividades ecoturísticas en torno á rede de Parques Naturais de Galicia coa finalidade de crear sinerxias co patrimonio (material e inmaterial) presente no entorno dos parques e impulsando o medio rural e a gastronomía da zona.

Concretamente a Axencia de Turismo de Galicia xa colaborou coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural na elaboración do paquete turístico do Parque Natural Baixa Limia, Serra do Xurés, no que se recollen seis experiencias a realizar no parque.

En Galicia existen seis parques naturais declarados: “COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN”, “BAIXA LIMIA – SERRA DO XURÉS”, “O INVERNADEIRO”, “SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA”, “FRAGAS DO EUME” E “MONTE ALOIA”.

O territorio destes parques naturais atópanse incluídos parcial ou na súa totalidade dentro da Rede Natura 2000, nas Zonas Especiais de Conservación (ZEC) “Complexo húmido de Corrubedo”, “Baixa Limia”, “Macizo Central”, “Serra da Enciña da Lastra” e “Monte Aloia”, así como nas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Complexo litoral de Corrubedo”, “Baixa Limia – Serra do Xurés” e “Serra da Enciña da Lastra”.

O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia establece como obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, entre outros, os seguintes:

- Garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
- Manter e, se é o caso, desenvolver os elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para





a fauna e a flora silvestres, como corredores fluviais, sistemas tradicionais de deslinde, ou as masas arboradas autóctonas, xa que resultan fundamentais na migración, na distribución xeográfica e no intercambio xenético das especies silvestres.

-Asegurar a vixilancia e un seguimento periódico do estado de conservación dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de interese comunitario e das especies de aves mencionadas no artigo 4 da Directiva 2009/147/CE e dos seus hábitats.

-Ampliar o coñecemento técnico e científico sobre todos os elementos obxecto de conservación e os seus condicionantes ecolóxicos, de forma que redunde nunha mellor xestión da Rede Natura 2000.

-Implantar programas específicos de difusión e divulgación sobre a importancia da Rede Natura 2000 e o seu papel na conservación da biodiversidade.

-Informar a poboación implicada nos aproveitamentos do medio natural sobre o valor ecolóxico e os obxectivos de conservación das ZEC e ZEPAS e as medidas para alcanzalos.

O dito Decreto 37/2014 establece no seu artigo 6 que a dirección xeral competente en materia de conservación da natureza promoverá a colaboración entre as administracións públicas afectadas para garantir o cumprimento dos obxectivos das medidas de conservación dos espazos protexidos que resultan do ámbito de aplicación deste plan.

Que segundo o previsto no artigo 30 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, a Axencia Turismo de Galicia financiarase, entre outros, mediante transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, o artigo 31 do citado decreto establece que o seu anteproxecto de orzamentos será remitido á Secretaría Xeral da Presidencia que o achegará, xunto co propio, á consellería competente en materia de facenda para a súa integración no anteproxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Axencia de Turismo de Galicia e a Secretaría Xeral da Presidencia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

O acordo de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Axencia de Turismo de Galicia para a elaboración conxunta de actividades de fomento do uso público do patrimonio natural, de xeito responsable, garantindo un uso sostible dos nosos recursos naturais, e máis concretamente as seguintes actuacións:

- a elaboración dos paquetes de servizos e da oferta turística presente no entorno de cada parque:





centros de interpretación dos parques, visitas guiadas, aloxamentos de turismo rural, restauración, oferta complementaria, etc.

-a presenza activa dos parques naturais de Galicia en campañas de promoción e difusión do turismo, feiras e exposicións.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na concorrencia de intereses públicos de cuxa xestión son responsables a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Axencia Turismo de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do acordo de colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo de colaboración fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do acordo de colaboración, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

A directora xeral de Patrimonio Natural

